

## ACTA DE ACORDO

En Vigo, na sede da Inspección de Traballo, sendo as 13.20 horas do día 13 de xullo de 2021, no procedemento do AGA, segundo compromiso da mesma data, no que se nomeou mediadora a Ana Pouso Lijó, no conflito plantexado polo atranco no establecemento dunha negociación dun convenio colectivo provincial axeitado para ambas partes no sector de autoescolas da provincia de Pontevedra, as partes que a continuación se reflicten, chegan o seguinte acordo coas cláusulas seguintes co obxecto de poñer fin ao conflito.

Son partes, pola representación dos traballadores, Miguel Lías Villar, representante da Sección Sindical da CUT, Erika Otero Aguiar, Secretaria da Sección Sindical da CUT no sector e Ricardo Castro Buergen, Secretario Xeral da CUT; e pola parte empresarial, Alberto Bugallo del Río, Presidente da Asociación provincial de Autoescolas de Pontevedra e Andrés Bugallo Graña, Secretario da Asociación provincial de Autoescolas da provincia de Pontevedra.

### CLÁUSULAS

**PRIMEIRA:** As partes acordan a fixación dunha xuntanza en data de 19 de xullo de 2021, as 9.30 horas, na sede da Asociación provincial.

**SEGUNDA:** A Asociación provincial de Autoescolas de Pontevedra comprométese a trasladar a representación dos traballadores a decisión da Xunta Xeral, sobre as materias tratadas na xuntanza do día 19, como máximo o día 31 de xullo de 2021.

**TERCEIRA:** A orde do día da xuntanza do día 19 de xullo consistirá en trasladar a Asociación empresarial, pola parte social, os puntos a negociar no sector de autoescolas da provincia de Pontevedra.

Este acordo supón a desconvocatoria da folga convocada no sector para os días 14 e 20 de xullo de 2021.

En proba de conformidade asinan as partes anteditas conxuntamente coa mediadora designada.

  
  
  
  
  
